



PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2025]

PROGRAMA II. BONO NOVA OPORTUNIDADE

Axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e son demandantes de emprego no momento previo á nova alta

Prazo aberto do 24 de xaneiro ao 30 de setembro de 2025

Orzamento 1.500.000 €

Importe Axuda 7.500 €*
* Incremento en 500 € se a persoa beneficiaria é muller



Persoas beneficiarias

→ Persoas traballadoras autónomas que teñan sido autónomas con anterioridade, que queiran volver emprender, e cumpran os seguintes requisitos:

- Ter **causado alta** no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional **entre o 31 de outubro de 2024 e 30 de setembro de 2025**.
- Ter a **unha alta inicial no RETA** ou outro réxime especial por conta propia ou mutualidade, antes desta nova alta e **dentro dos últimos 5 anos** desde a data de publicación desta orde.
- Ter **cotizado anteriormente polo menos 3 meses ininterrompidos** no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade.
- Estar inscrita como **persoa demandante de emprego sen ocupación efectiva** nos servizos públicos de emprego e **non ter contrato laboral en vigor** en data inmediatamente anterior á nova alta.
- Ter **transcorrido un mínimo de 6 meses** entre a nova alta e a anterior baixa no RETA.
- Ter **domicilio fiscal en Galicia con anterioridade á nova alta**, e **desenvolver a actividade profesional en Galicia**.
- Ter **iniciada a actividade con anterioridade** á presentación da solicitude da axuda.
- Ter **dado a baixa no IAE da actividade precedente**.

IMPORTANTE: tamén poden ser beneficiarias

As persoas traballadoras autónomas que formen parte de **comunidades de bens, sociedades civís** ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal e **coa entidade xa constituída** antes da presentación e **despois do 31 de outubro de 2024**.

EXCLUSIÓNS

Exclúense as persoas beneficiarias desta axuda **en convocatorias anteriores**, persoas autónomas que sexan membro de **entidades de economía social ou de sociedades mercantís ou laborais**, administradoras que **non acrediten participación** na empresa ou negocio e as persoas autónomas **colaboradoras** e os membros das **sociedades mercantís e sociedades laborais**.



PROGRAMA II. BONO NOVA OPORTUNIDADE



Presentación de solicitudes

- As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo para a presentación da solicitude **rematará o 30 de setembro de 2025**.
- A presentación **supón a aceptación das obrigas** establecidas para **ser beneficiaria**, así como a **aceptación da axuda** de ser persoa beneficiaria dela.
- **Só será válida unha solicitude por persoa**. No caso de presentar unha nova, entenderase que desiste da anterior presentada (salvo se xa estivese resolta).



Documentación complementaria a presentar xunto coa solicitude

- Documentación que acredite suficientemente a **posta en marcha da actividade** (facturas da compra de maquinaria, do alugueiro, da compra de mercadorías, ...).
- Cando se actúe mediante representación, **acreditación por calquera medio válido** (en caso de que non estea inscrito no Rexistro xeral de apoderamentos da Xunta de Galicia).
- Acreditación de **baixa no IAE da actividade precedente** (modelo 036 ou 037 da actividade anterior) e **certificación censual da nova actividade**.
- No caso das persoas mutualistas, **certificado de baixa, certificado do tempo que pasou en situación de mutualista**, e **certificado da nova alta**.
- De ser o caso, **contrato ou documento da creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidade sen personalidade xurídica**.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- **Permanecer de alta** no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante **un tempo mínimo de 24 meses desde a nova alta** como persoa traballadora autónoma, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade.
- **Xustificar ante o órgano concedente** o cumprimento dos requisitos e das condicións, e comunicarlle **calquera modificación das condicións** tidas en conta para a concesión.
- **Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social**, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- **Conservar os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, aos efectos das actuacións de comprobación e control, e adoptar as medidas adecuadas para **dar publicidade ao financiamento público**.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]